

Con Tita

A relación dos nenos cos anciáns, os sentimentos e os vínculos tan entrañables que entre eles se establecen e os problemas que xorden na vellez, ao que hai que engadir as dificultades dos nenos para comprender eses problemas, son algúns dos temas que trata Concha Blanco neste conto para nenos que agora vén de publicar dentro da Colección “Montaña Encantada” da editorial Everest Galicia.

A acción preséntase valéndose dunha rapaciña protagonista chamada Fina, quen narra situacións cotiás do seu día a día e que permiten deducir aspectos do seu carácter e do tipo de relación que mantén coa súa familia. Fina vive nun ambiente familiar moi agradable e mesmo divertido, como amosan a cantidade de episodios humorísticos vividos por ela, seus pais, veciños e as súas amiguíñas. Mais dentro desta normalidade xorde un problema importante para ela; Tita, esa muller maior que sempre está na casa desaparece, feito que crea desacougo e inqueda na meniña á que ninguén lle conta nun principio nada sobre esa nova situación. Cando finalmente súa nai fala con ela descobre que Tita vive agora nun asilo, mais Fina non entende que xa non queira estar con eles polo

O valor dos anos



PAULA FERNÁNDEZ



que non parará até que a velliña volva estar un anaquinho máis preto dela.

Dentro deste argumento sinxelo e doce en aparencia agáchan-

se tamén problemas e situacións que se dan decote nas familias polo feito de ter un maior na casa, así a autora insire no decorrer da acción ideas que visitan as mentes dos maiores e de quen os acompañan, por exemplo a frustración que sofren algúns cando comezan ver que xa non son precisos para algúns traballos, o feito de se sentir unha carga e un estorbo na casa, a necesidade imperiosa de marchar e tamén a soidade afectiva referida ás relacións sentimentais, pois moitos son os que precisan ese afectos e poucos os que se atreven a dar o paso.

Todos os devanditos problemas, importantes e comúns na actualidade, coñecémolos pola boca de Fina polo que o xeito de contalos e presentalos vai ser inocente, cheo desa frecura, dozura e inxenuidade que só se pode ter na infancia porque aínda non temos a mente deturpada polos diferentes problemas que existen no mundo e, polo tanto, permite que sexan os rapaces os que ven con total claridade, e por asombroso que pareza, cousas que para outros pasarían desapercibidos por estaren inseridos no medio dun mundo cada vez máis acelerado que moitas veces esquece algunhas pequenas cousas.

BLANCO, Concha, Tita, Ed. Everest Galicia, A Coruña, 2006, 79 páxinas